Esquema do texto argumentativo

INTRODUCIÓN	Presentación do tema. Soe conter a tese (idea que se defende); se esta só aparece na introdución, a estrutura do texto será dedutiva.
DESENVOLVEMENTO ou DEMOSTRACIÓN	Achega de argumentos (razóns que intentan soster a tese). Serán exemplificacións, xustificacións lóxicas, etc. Pode conter contraargumentos ou refutacións (razóns que rebaten unha postura contraria).
CONCLUSIÓN	Peche. Pode incluírse de novo a tese para confirmala e mesmo abrir propostas (estrutura encadrada). Na estrutura indutiva, a tese aparece só na conclusión.

Principais tipos de argumentos

a) RACIONAIS

a.1) **Exemplo ou analoxía** (caso ou idea~situación paralela)

"Non realizar exercicio físico suficiente nas etapas iniciais da vida é como poñer á xeada as plantas e frutais da primavera: non se desenvolven e corren o risco de queimarse."

a.2) **Causa-efecto** (relacións lóxicas, deducións)

"Se se promoven as prácticas deportivas desde as primeiras idades, entón encarréirase a persoa por un camino saudábel, de integración social, o que supón axudar a levar unha vida afastada das drogas."

a.3) **Datos estatísticos** (feitos comprobábeis e probabilidades)

"Hai que fomentar o deporte entre a xuventude actual, pois desde 1995 caeu un 20% o número de mozos e mozas que practican exercicio."

a.4) **De autoridade** (ideas dunha persoa ou elemento de prestixio)

"Incentivar o deporte na xuventude evitaría potenciais problemas futuros desde o punto de vista social e mais da saúde, como afirmou recentemente o recoñecido médico pediatra Zamora Gutiérrez. "

b) AFECTIVOS

Espértanse os sentimentos do receptor

"As persoas maduras que non se coidaron de novas non traen máis que cargas para a familia, sobreesforzo para uns pais xa na vellez, problemas para a parella, desamparo para os fillos. Non fagamos sufrir os que nos queren."